



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Persoal

Relación provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de peón/peoa de protección civil (OEP-E 2022) estabilización do emprego temporal

##### ANUNCIO

Expediente núm.: 2022/E001/000021

Mediante Decreto 705/2023, do 04 de abril, da concelleira delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura de dunha (1) praza de persoal laboral fixo de peón/peoa de protección civil, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez do ano 2022 (OEP-E 2022), para a estabilización do emprego temporal.

Neste decreto resolveuse o seguinte:

“1º) Aprobar a relación provisional de persoas admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de peón/a de protección civil pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Subgrupo Agrupación Profesional, incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022:

##### a) Persoas aspirantes admitidas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 2 OU EQUIVALENTE	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	González Campo, Manuel	***0521**	Sí	
2	Pena Saavedra, José Luis	***7194**	Non	
3	Viñas Mayo, Rubén	***9158**	Si	- Non aporta o certificado dos servizos prestados na Administración Pública que alega no apartado 6.2.1a.3) - Aporta documentación acreditativa de experiencia profesional e de cursos de formación que non indica na relación de méritos (Anexo I)

##### b) Persoas aspirantes excluídas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 2 OU EQUIVALENTE	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	Fraga Calvo, Francisco	***0705**	Si	- Non presenta a relación de méritos conforme ao modelo do Anexo II das bases específicas

2º) Conceder un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), para presentar reclamacións ou emendar defectos.

O persoal aspirante que estea en posesión do CELGA 2 (ou equivalente) e que non o achegou, poderá facelo no indicado prazo.

Neste período poderase achegar tamén a documentación xustificativa dos méritos alegados que non se xuntou coa solicitude e que se indican no apartado de “Observacións”, da persoa aspirante admitida, para os efectos da súa valoración na fase de concurso, de ser o caso. A dita documentación poderá presentarse na sede electrónica do Concello das Pontes ou de maneira presencial (no Concello, nas oficinas de Correos, a través do sistema SIR de calquera administración...).

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos ditos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3º) Publicar a presente resolución Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico), tal e como dispoñen as bases da convocatoria.”

As Pontes de García Rodríguez, 04 de abril de 2023

A concelleira-delegada de Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños

2023/2571